



ACTA Nº 2022/2

*Sesión extraordinaria do Pleno da Corporación
Sala de sesións da Casa do Concello, xoves 10 de febreiro de 2022*

No día de hoxe, ás 09:15 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez.

ASISTEN:

PSOE

D. Victor Manuel Muíño Ramos.
D.^a María José Pose Pérez.
D. Miguel Angel Pérez Méndez.
D.^a Rosa Blanco Lema.
D. Mario Andujar Mouzo, telematicamente.

ADIANTE VIMIANZO (telematicamente)

D.^a Marta Rey Lema.
D. Eugenio Vidal Quintáns.
D.^a María Jesús Barbeira Pose.
D. Francisco Javier Trillo Pazos

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo.
D. Francisco M. Calzas Suárez.

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMIANZO

D. Manuel Lorenzo Hermida.

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juíz.

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada.



Dna. Marta Rey Lema excusa a ausencia de D. Manuel Lorenzo Hermida por razóns laborais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

1º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022. Exp. 2022/A008/000017.

2º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022. Exp. 2021/A008/000061.

3º.- Ditame sobre aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2022. Exp. 2022/T004/000002

4º.- Ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2022. Exp. 2022/X999/000031.

5º.- Ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

1º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022. Exp. 2022/A008/000017

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social do 7 de febreiro de 2022, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 2/2022. Exp. 2022/A008/000017

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2022, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 2/2022. EXP.2022/A008/000017.

Tendo en conta a circular sobre POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 (RE 20210000004882, de 20/12/2021) no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 108.298,7 euros así como a circular sobre as instrucións a seguir no referido Plan (RE 20220000000186, de 19/01/2022), e as bases publicadas no BOP núm.228 de data 30/11/2021, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	108.298,7 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	108.298,7 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	558.140,70 €	275.000,00 €	283.140,70 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	558.140,70 €	275.000,00 €	283.140,70 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de	0,00 €	0,00 €	0,00 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
T O T A L	558.140,70 €	275.000,00 €	283.140,70 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,
A Alcaldía
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

O interventor explica brevemente as cifras e destino do POS 1/2022.

A Alcaldesa-Presidenta traslada que se propón destinar íntegramente a subvención para gasto corrente ó SAF pola nova licitación e prezos que non se poden cubrir con recursos propios.

Dna. Raquel Rodríguez dí que non ten nada que engadir.

Dna. Marta Rey comenta que o modelo do SAF da moi bo resultado e hai que financiarlo para que funcione correctamente.



Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

2º.- Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022. Exp. 2021/A008/000061

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, do 7 de febreiro de 2022, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022. Exp. 2021/A008/000061

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2022, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) POS+2022. EXP.2021/A008/000061.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 228 do 30 de novembro de 2021, así como a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do dito plan (RE 20210000004699, de 07/12/2021), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende 508.103,20 euros (achega provincial 2022 e 2021 e o préstamo provincial 2022), esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

"1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	309.424,85 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	309.427,85 €

B) Financiamento de investimentos:

--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
--	--	--	--	--	--
Subtotal investimentos achega provincial 2022	--	--	--	--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora do firme no viario de Reparada a Castromil (Salto)	32.223,63 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	32.223,63 €
Pavimentación de viario de Campolongo a Riotorto e reparación de muro na ponte Campolongo (Carnés)	30.420,66 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30.420,66 €
Mellora no viario no núcleo de Manlle (Baíñas)	81.147,20 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	81.147,20 €
Rehabilitación e mellora dunha rúa interior no lugar de Bribes, Vimianzo	31.680,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	31.680,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	175.471,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	175.471,49 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
--	--
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	--

D Resumo:

	Concello	
--	-----------------	--

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	309.424,85 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	309.424,85 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	175.471,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	175.471,49 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2022	309.424,85 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	309.424,85 €
	Achega 2021	175.471,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	175.471,49 €
	Préstamo 2022	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	484.896,34 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	484.896,34 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Arranxo de rúas e rede de saneamento no núcleo de O Sisto, parroquia de Baíñas	130.000,00 €	0,00 €	130.000,00 €
Mellora de viario en Romar	229.606,24 €	0,00 €	229.606,24 €
Rede de saneamento no lugar de Treos no Concello de Vimianzo	162.367,66 €	0,00 €	162.367,66 €
TOTAIS	521.973,90 €	0,00 €	521.973,90 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos ou se está tramitando a obtención dos mesmos para o proxecto de "Arranxo de rúas e rede de saneamento no núcleo do Sisto (Baíñas)", e que ten resolto ou



se está tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordoñez

(documento asinado electrónicamente)"

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta traslada de xeito pormenorizado o destino para gastos correntes e inversión. Comenta que co importe subvencionado é difícil recoller a totalidade das obras municipais necesarias e hai que seleccionar sendo os gastos correntes fundamentais pois son os gastos ordinarios para que funcione o concello.

En relación as obras de inversión explica que son relativas a pavimentación, muros, melloras de viais por fases sendo necesario variar o complementario xa que hai unha sustancial variación de prezos por mor do aumento dos costes dos materiais sen perxuízo de ir vendo novas subvencións poñendo a máxima prioridade para facer melloras.

Dna. Raquel Rodríguez dí que tódalas obras son importantes aínda que as prioridades varían de grupo a grupo pero que en todo caso as que se fagan se apoiarán.



Dna. Marta Rey manté a liña da súa compañeira e pide que o reparto se faga equitativamente.

A Alcadesa-Presidenta agradece a vontade de unir forzas para que as obras salgan adiante e que están para recoller as propostas que se fagan tendo en conta que hai parroquias moi grandes e se trata de ter un criterio equitativo e priorizar as necesidades máis inmediatas como pode ser a proposta do PP sobre a parroquia de Carnés que se incluírá en postreras subvencións.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

3º.- Ditame sobre aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2022. Exp. 2022/T004/000002

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do 7 de febreiro de 2022, que se reproduce a continuación:

“3. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do orzamento municipal para o exercicio 2022. Exp. 2022/T004/000002

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Confeccionado o orzamento xeral para o exercicio 2022, con tódolos documentos e emitido o informe da intervención, de conformidade co artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e o artigo 168 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004.

A proposta desta Alcaldía de acordo para o Pleno é a seguinte:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o ano 2022 que ascende á contía de 5.955.405 € en ingresos, e á contía de 5.955.405 € en gastos correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2022
		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.955.405,00
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	5.689.481,00
1	Gastos de persoal	1.995.100,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	3.172.441,00

3	Gastos financeiros	20.000,00 €
4	Transferencias correntes	501.940,00
5	Fondo de continxencia	0,00€
A.2	OPERACIONS DE CAPITAL	265.924,00
6	investimentos reais	265.924,00
7	transferencias de capital	0,00
b)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
8	activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
GASTOS TOTAIS		5.955.405,00 €

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO 2022
		IMPORTE
A)	OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	5.955.405,00
A.1	OPERACIÓNS CORRENTES	5.665.164,00
1	Impostos directos	1.833.300,00
2	Impostos indirectos	47.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	736.010,00
4	Transferencias correntes	2.956.354,00
5	Renda Patrimonial	92.500,00
A.2	OPERACIONS DE CAPITAL	290.241,00
6	Enaxenación das inversións reais	0,00
7	transferencia de capital	290.241,00
b)	OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00
8	activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
INGRESOS TOTAIS		5.955.405,00



Segundo.- Declarar indispoñibles os créditos derivados do previsible incremento nun 2 % das retribucións dos empregados públicos municipais para o ano 2022 en tanto non entre en vigor a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para dito ano ou outra norma que o habilite, polas contías indicadas no informe de intervención ao presente orzamento. Se finalmente se aproba o incremento nunha porcentaxe inferior, a diferenza quedará como indispoñible.

Terceiro.- Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.

Cuarto.- Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

Quinto.- Que se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme o preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo)

Sexto.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación , resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 e 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso procederase de acordo co previsto no 169.1 do mesmo.

Sétimo. - Que, de acordo co artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais se remita copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta agradece ó persoal de Intervención e Secretaría o traballo realizado e resalta o carácter real dos números para poder executalos da mellor forma.

O inteventor da conta somero do contido e resalta un cambio nas bases de execución xa que non se trasladou a correcta na que se suprimiu o parágrafo cuarto de dúas liñas da base 59ª.

A Alcaldesa-Presidenta di que foi o primer orzamento deste goberno e é un bautismo que pretende se adecúe á maior realidade posible, non podendo aprobalo en plena pandemia e agora xa tocaba. En todo caso, destaca que se aumentou un 3,10%.

Continúa explicando o contido dos diferentes capítulos da clasificación económica e a xustificación do seu importe procurando axustar á liquidación do anterior exercicio sen inflar con ingresos extraordinarios. Así mesmo incide que no capítulo 3 de gastos non se contemplaban os gastos financeiros e as comisións bancarias e no capítulo 1 suprimiuse o persoal eventual.

Dna. Raquel Rodríguez dí que non van a discutir os orzamentos elaborados polo goberno pois é a eles a quen lles corresponde facelos e amáis en 15 días desde que se remitiron non hai tempo para analízalos debendo facilitarse desde o momento en que se comezou a confeccionar o ano pasado. Remata esperando que reflexen a realidade.



Dna Marta Rey mantén a liña da súa compañeira e se queixa de que só houbo 1 reunión cos tres grupos políticos e que non se enviou a documentación que contén o orzamento como o anexo de inversións, de persoal, estado da débeda...e ante isto, solicita que quede o expediente sobre a mesa e non se proceda a súa votación para poder estudialo e aprobalo con garantías xa que representan a unha parte importante da veciñanza e amáis se modifican as bases de execución sen sabelo antes.

A Alcadesa-Presidenta contesta que se tiveron as reunións que fixeron falta e tratouse de dar toda a información posible sendo consciente de que o que se pediu se remitiu, amáis houbo reunións de portavoces, comisión informativa e os informes de secretaría e intervención son favorables. Buscou a transparencia e o diálogo e foron meses de traballo tendo un intevntor novo. Continúa dicindo que os orzamentos son reais e nunca na comisión non se dixo nada e hai máis dunha semana que esta se convocou e sorprendentemente agora solicitan deixalo sobre a mesa cando a dispoñibilidade foi total.

Pásase á Votación da retirada da orde do día co seguinte resultado:

A FAVOR: 4 (A.V.).
EN CONTRA: 6 (PSdeG- PSOE).
ABSTENCIÓNS: 2 (PP).

Queda por tanto desestimada a retirada da orde do día da aprobación inicial dos orzamentos municipais.

Pásase á Votación do Ditame co seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PSdeG- PSOE).
EN CONTRA: 4 (A.V.).
ABSTENCIÓNS: 2 (PP).

Queda por tanto aprobado o Ditame de aprobación inicial dos orzamentos municipais para o ano 2022.

4º.- Ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2022. Exp. 2022/X999/000031

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do 7 de febreiro de 2022, que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2022. Expt. 2022/X999/000031.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2022, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO



Asunto: Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2022

Expte. 2022/X999/000031.

Vista que se dota mediante o expediente 2022/CE/01 o crédito orzamentario axeitado e suficiente para proceder á aprobación das facturas que se recollen na relación contable H/2021/1, con data de entrada no ano 2021, con importe imputable ao orzamento que ascende a 45.662,50 € e que se xuntan como Anexo ao expediente, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente 2022/REC/01 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 45.662,50 € a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas, unha vez aprobado o expediente de modificación de créditos 2022/CE/01, para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta dí que son 23 facturas do último mes do ano anterior que hai que aprobar e pagar.

Dna. Raquel Rodríguez manifesta que non se opón.

Dna. Marta Rey traslada a súa extrañeza en relación coas facturas das escolas deportivas e culturais xa que non houbo dito servizo pero que as empresas non teñen a culpa e van a apoiarlo recordando que cando o goberno estaba na oposición votaba en contra deste REX.

A Alcaldesa-Presidenta destaca que eran facturas de final de ano e non estaban as partidas correctamente consignadas.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.



5º.- Ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do 7 de febreiro de 2022, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2020 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro de 2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA PARA O PLENO
LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2020 DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS
Expte Tedec: 2022/X999/000013**

Visto os escritos do Grupo Reacteda de liquidación definitiva do exercicio 2021, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e departamento de servizos sociais.

Esta liquidación ascende a un total de 426.244,90 €, dos que se atopan pendente a contía de 65.857,70 €. Do importe da liquidación hai que descontar o canon a favor do Concello por importe de 18.799,56 € que debe de ser aboado polo contratista. Polo tanto a cantidade a aboar o Grupo Reacteda SL ascende a un total de 47.058,14 €.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2020 a novembro de 2021 de acordo co INE, foi un 5,5%, o canon a pagar pola empresa no exercicio 2022 será de 19.833,54 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2022, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

Prezos	2022 (5,5% IPC)
Vivenda Comunitaria	1.649,09 euros/mes
Lavandería sobre rodas	4,20 euros/lavado
Escola Infantil	475,36 euros/mes
Comedor sobre rodas	10,03 euros menú

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2022 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de 383.620,41 euros,



Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2021, que supón un custo total para o Concello de 426.244,90 euros, quedando pendente de pagamento 47.058,14 euros.

Segundo.- Para este exercicio 2022, a vista da vixencia do contrato, e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio, os pagos a conta serán de **386.620,41 euros**. Os pagos a conta terán o seguinte detalle:

Pagos 2022	
Xaneiro	30.208,80
Febreiro a Decembro	32.128,33
Total	383.620,41

Cuarto.- Que o canon para o ano 2022, que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 19.833,54 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2022.

Quinto.- De acordo no recollido na cláusula sexta do contrato, procédase a actualización dos prezos dos servizos no importe do incremento do IPC que foi do 5% según o INE.

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que hai un incremento no número de alumnos e gastos de ahí a liquidación anual prevista no contrato como tódolos anos.

Dna. Raquel Rodríguez non manifesta nada ó respecto.

Dna. Marta Rey dí que non ten nada que engadir.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

Por último a Alcaldesa-Presidenta agradece ós que se preocupan por Vimianzo e a participación do mellor xeito, seguindo á disposición de todos resaltando ós concelleiros que priorizan os acordos sobre a confrontación.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:10 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.



A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez



O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo con Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)